


84




Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



# INFORME ECONÓMICO-FINANCEIRO



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



## INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO

O Alcalde-Presidente que subscribe, en cumprimento do disposto polo artigo 168.1-e), do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 18.1-e) do Real Decreto 500/90, ten a ben emiti-lo seguinte Informe Económico-Financeiro, ó Proxecto de Presuposto para o exercicio do ano 2.015.

**OBXECTIVO:** O presente Informe exporá as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, consecuentemente, a efectiva nivelación do Orzamento.

**INFORME:** O desglose dos gastos e ingresos, por Capítulos, que dotan ó Proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Cambados para o exercicio 2015, é o seguinte:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	3.658.390,23	1	Impostos directos	2.284.000,00
2	Gastos bens correntes e s.	3.808.051,00	2	Impostos indirectos	130.000,00
3	Gastos financeiros	16.515,45	3	Taxas e outros ingresos	1.990.802,00
4	Transferencias correntes	251.400,00	4	Transferencias correntes	3.623.600,19
6	Investimentos reais	326.000,00	5	Ingresos patrimoniais	120.205,00
7	Transferencias de capital	150.002,00	6	Alleamento de inversións reais	300.000,00
8	Activos financeiros	22.000,00	7	Transferencias de capital	150.005,00
9	Pasivos financeiros	388.255,51	8	Activos financeiros	22.000,00
			9	Pasivos financeiros	2,00
	<b>TOTAL</b>	<b>8.620.614,19</b>		<b>TOTAL</b>	<b>8.620.614,19</b>

### INGRESOS


As bases utilizadas para o cálculo dos ingresos que se prevén para o ano 2015, son as que por Capítulos, se relacionan:

#### Capítulo I.-

Os impostos directos abranguen o imposto de bens inmobles, o imposto de actividades económicas, o imposto de vehículos de tracción mecánica e o incremento do valor dos terreos de natureza urbana. Os ingresos que se prevén nestes impostos directos son os mesmos que os previstos no orzamento anterior xa que á data actual aínda non se ten realizado as operacións de peche da contabilidade e non se poden prever en función do recadado no exercicio anterior, como se viña realizando a ta o de agora.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



## Capítulo II.-

Son os impostos indirectos. Non experimenta cambio.

## Capítulo III.-

Dotase practicamente os mesmos importes que no orzamento anterior polas razóns expostas anteriormente.

## Capítulo IV.-

A principal modificación é a relativa ós ingresos procedentes da Participación nos Tributos do Estado, segundo as comunicacións recibidas ó efecto.

## Capítulo V.-

Consígnase neste Capítulo os intereses de depósitos en c/c. de Entidades de Crédito. Asemade, consígnanse os ingresos procedentes da explotación de bens patrimoniais, debendo destacar os procedentes da Nave Loxística do Polígono de Setepías.

## Capítulo VI.-

Consígnase o alleamento de parcelas de titularidade municipal en Setepías .

## Capítulo VII.-

No concepto 720.00 (transferencias de capital do Estado) e 750.60 (outras transferencias de capital en cumprimento de convenios subscritos coa CC.AA) consígnase as cantidades previstas para as obras de rehabilitación de particulares do conxunto histórico-artístico, segundo os convenios asinados ó efecto.

## Capítulo VIII.-


Consígnase a previsión de anticipos ó persoal, e que se compensa co incremento da súa contrapartida do concepto de ingresos polo mesmo importe.

## Capítulo IX.-

Consígnase unha cantidade simbólica.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



\*\*\*\*\*

## **GASTOS**

Respecto ó Estado de gastos, consígnanse oito capítulos coas seguintes características:

### **Capítulo I.-**

Consígnanse os gastos relativos ó persoal dos diversos servizos, incluídos os órganos de goberno, así como os gastos de Seguridade Social, gratificacións, axudas, produtividades, e demais. Os cambios operados obedecen á modificación da Relación de postos de traballo.

### **Capítulo II.-**

As principais modificacións son as relativas á recollida e tratamento de lixo, á gardería infantil e ó servizo de axuda no fogar, polas razóns expostas na Memoria de Alcaldía.

### **Capítulo III e IX.-**

Nestes Capítulos, prevense as cantidades necesarias para facer fronte ós gastos de pasivos financeiros por operacións de crédito concertadas por este Concello, segundo se reflicte no anexo do Estado de endebedamento que se adxunta. O capital vivo pendente de amortizar a 31 de decembro de 2014 polos préstamos vixentes ascende a 2.434.350,74 €.

### **Capítulo IV.-**


Consígnase ás cantidades necesarias para as axudas a veciños por estudos, transferencias a Asociacións culturais, deportivas e benéfico-asistenciais do Concello, así como aportacións á Mancomunidade do Salnés e as transferencias á protectora de animais, a Fundación Manolo Paz e á Zona Centro.

### **Capítulo VI.-**

Consígnanse as cantidades para os investimentos que se prevé vanse realizar durante este exercicio. De forma pormenorizada figuran no anexo de investimentos que se une ó expediente como documentación complementaria do Presuposto. A medida que se vaian recibindo as comunicacións de concesións de subvencións irase procedendo a xeración de créditos.



Ilmo Concello de  
CAMBADOS  
(Pontevedra)



### Capítulo VII.-

Dótase con destino ás transferencias a particulares polas obras do ARI, (segundo os Convenios asinados para tal fin). Consígnase unha cantidade simbólica para posibles imprevistos para a Mancomunidade do Salnés e á Deputación Provincial.

### Capítulo VIII.-

Neste Capítulo consígnase só unha cantidade como contrapartida da consignada no mesmo Capítulo do Estado de Gastos, para posibles anticipos ó persoal do Concello.


### **SUFICIENCIA DOS CRÉDITOS.**

Dos importes consignados nas diferentes partidas orzamentarias e analizados puntualmente na Memoria desta Alcaldía, dedúcese a súa suficiencia para atendela cumprimento das obrigas esixibles e ós gastos de funcionamento dos servizos.

### **NIVELACIÓN DO ORZAMENTO.**

Elévase o Presuposto, tanto en Gastos como en Ingresos, á cantidade de oito millóns seiscentos vinte mil seiscentos catorce con dezanove céntimos (8.620.614,19 €), producíndose unha efectiva nivelación entre os gastos e os ingresos.

Cambados, 12 de decembro do 2014  
O ALCALDE

  
Luis Aragunde Aragunde

